

1

AS RAÍCES DA GALICIA MODERNA

O territorio da Galicia actual corresponde só parcialmente co que os romanos denominaron *Gallaecia*. A separación do condado de Portocale e a súa constitución en reino independente a comezos do século XII fixou ata hoxe os límites de Galicia.


A evolución histórica galega segue aproximadamente a mesma traxectoria que os países da Europa occidental, o que non impide que amose características orixinais. Unha particularidade é a reiterada mestura de elementos culturais chegados de fóra e de elementos autóctonos previos; así acontece coa cultura castrexa que sobrevive á conquista romana.

Despois da caída do Imperio Romano e das invasións dos pobos bárbaros, Galicia coñece un dos seus escasos episodios de independencia política co reino suevo, no que os novos dominadores se funden coa poboación galaico-romana.

Máis tarde, na Idade Media, a xénesis e consolidación da lingua galega completa unha etnicidade diferente. E ademais, nese apoxeo medieval, Galicia, grazas ó que lle chega polo Camiño de Santiago, sitúase por algúns tempo na vanguarda europea. A fonda crise dos séculos XIV-XV e a súa integración na monarquía hispánica amortecerán a voz especificamente galega no concerto peninsular.

CONTIDOS

- 1 Das orixes ao reino suevo
- 2 A Idade Media
- 3 Galicia na monarquía hispánica





O rei Afonso X compoñendo as *Cantigas de Santa María*.

Cuestiós para resolver

- Cales foron os principais trazos da cultura castrexa?
- Que alcance tivo a romanización en Galicia?
- Como foron as relacions entre a nobreza galega e a monarquía castelá-leonesa?
- Que consecuencias políticas tivo para Galicia o reinado dos Reis Católicos?

900	1000	1100	1200	1300	1400	1500	1600	1700
• 878 Condado de Barcelona	• 932 Condado de Castela	• 1037 1.º unión de Castela e León	• 1086 Almorávides	• 1118 Independencia de Portugal	• 1147 Almohades	• 1230 Coroa de Castela	• 1492 Toma de Granada. Expulsión dos xudeus	• 1556 Filipe II
997 • Razzia de Almansor	1092-1139 Gobierno de Diego Xelmírez	1065-1070 García, rei de Galicia	1120 Catedral románica de Santiago	1431 • 1.º Guerra irmandiña	1467-1469 • 2.º Guerra irmandiña	1485 • Xustiza Maior	1598 Filipe III	1598-1609 Expulsión dos mouriscos
• 1120 Catedral románica de Santiago	• 1147 Almohades	• 1170 Goberno de Alfonso VII	• 1230 Coroa de Castela	• 1492 Toma de Granada. Expulsión dos xudeus	• 1513 Anexión de Navarra	• 1520-1521 Guerra das Comunidades	1590 Anexión de Portugal	1621 Filipe IV
1092-1139 Gobierno de Diego Xelmírez	1170 Goberno de Alfonso VII	1230 Coroa de Castela	1431 • 1.º Guerra irmandiña	1467-1469 • 2.º Guerra irmandiña	1517 Carlos I	1520-1521 Guerra das Comunidades	1640-1652 Sublevacións de Portugal e Cataluña	1665 Carlos II
1120 Catedral románica de Santiago	1170 Goberno de Alfonso VII	1230 Coroa de Castela	1485 • Xustiza Maior	1528 Xunta do Reino de Galicia	1568 • Rebellión mourisca	1668 Independencia de Portugal	1700 Morte de Carlos II	1688 • 1700 Morte de Carlos II
1092-1139 Gobierno de Diego Xelmírez	1170 Goberno de Alfonso VII	1230 Coroa de Castela	1485 • Xustiza Maior	1528 Xunta do Reino de Galicia	1568 • Rebellión mourisca	1668 Independencia de Portugal	1700 Morte de Carlos II	1688 • 1700 Morte de Carlos II
997 • Razzia de Almansor	1092-1139 Gobierno de Diego Xelmírez	1170 Goberno de Alfonso VII	1230 Coroa de Castela	1431 • 1.º Guerra irmandiña	1467-1469 • 2.º Guerra irmandiña	1528 Xunta do Reino de Galicia	1511 Audiencia do Reino de Galicia	1523 Voto en Cortes
• 1120 Catedral románica de Santiago	• 1170 Goberno de Alfonso VII	• 1230 Coroa de Castela	• 1485 • Xustiza Maior	• 1520-1521 Guerra das Comunidades	• 1568 • Rebellión mourisca	• 1528 Xunta do Reino de Galicia	• 1520-1521 Cortes de Castela en Santiago	1671 • Fachada do Obradoiro
1092-1139 Gobierno de Diego Xelmírez	1170 Goberno de Alfonso VII	1230 Coroa de Castela	1485 • Xustiza Maior	1528 Xunta do Reino de Galicia	1568 • Rebellión mourisca	• 1528 Xunta do Reino de Galicia	• 1520-1521 Cortes de Castela en Santiago	1671 • Fachada do Obradoiro


1 DAS ORIXES AO REINO SUEVO

No territorio que hoxe coñecemos como Galicia hai indicios de poboamento desde o Paleolítico. As pegadas más antigas da presencia humana en Galicia son instrumentos de pedra do período achelense do Paleolítico Inferior (dende 300 000 a.C.). Moitos más abundantes son as do Paleolítico Superior (40 000-10 000 a.C.), que empeza coa extinción dos neanderthales e o avance da nosa especie.

Uns e outros formaban, como en todas partes, pequenos grupos de cazadores-recolectores, que nos deixaron abundantes restos óseos de animais e uteis de pedra mellor labrada que antes. A comezos do IV milenio a.C. esta forma de vida dará paso gradualmente a outra baseada na agricultura e na gandería.

1.1. A cultura megalítica e os comezos da metalurxia

O desenvolvemento progresivo desta fase neolítica, na que as comunidades galaicas coidaban animais e cultivaban cereais, foi acompañado da construción de numerosos **monumentos megalíticos**, sobre todo das chamadas **mámoas** ou **túmulos** de terra que cobren unha cámara sepulcral colectiva (anta ou dolmen) feita con grandes pedras e de dimensións moi variables, áinda que inferiores ás grandes estruturas funerarias do sur da Península **DOC.1**. Unha manifestación artística característica desta cultura son os **petroglifos**, ou gravados



DOC.1 Dolmen sen a mámoa que o cubría (Dolmen da pedra da Arca, Malpica, A Coruña).

sobre rochas ao aire libre, nos que predominan as formas xeométricas como espirais e círculos concéntricos **DOC.2**.

O número, tamaño e distribución das mámoas así como os achados arqueolóxicos conexos fálannos dunha **densidade demográfica alta** para a época, dun **poboamento disperso** e dunha sociedade que non deixou indicios de estratificación social e que vivía dunha **gandería e dunha agricultura pouco avanzadas**. Esta cultura megalítica prolongouse ata o 1500 a.C., polo que abrangue tamén os inicios do uso do cobre (2000 a.C.) e mesmo do bronce (1800 a.C.).

Arredor do ano 2000 a.C. chegou a terras galegas, procedente do sur, a **metalurxia**, que viña asociada á chamada cultura do vaso campaniforme. Non sabemos se estas innovacións apareceron só por mor de relacións comerciais ou tamén polo asentamento de novos grupos humanos. En todo caso, provocaron os grandes cambios culturais, económicos e sociais que caracterizan a **Idade do Bronce** (1800-700 a.C.).

A riqueza mineral do país facilitou o crecemento dunha producción de ferramentas de metal, que se comercializaba pola costa atlántica e cara ao Mediterráneo. A agricultura, baseada no cereal, e a gandería tamén se desenvolveron notablemente. Os restos arqueolóxicos indican desigualdades sociais e concretamente a existencia dunha elite guerreira que se distinguía polas súas pesadas armas, os enterramentos individuais e o uso de ricas xoias en ouro **DOC.3**.



DOC.2 Petroglifos de Campo Lameiro (Pontevedra), onde atopamos a maior concentración de petroglifos.

DOC.3 Casco ceremonial en ouro do Bronce Final. Achado en Leiro, Rianxo (museo Histórico-Arqueolóxico do Castelo de San Antón, A Coruña).



1.2. A cultura castrexa

Nos séculos VII-VI a.C., o Bronce Final vai deixando paso a unha nova cultura, transición que coincide coa paulatina introdución da **metalurxia do ferro**, aínda que esta innovación técnica non foi o elemento maior dese cambio cultural. É a denominada **cultura castrexa**, en razón de que a súa principal característica específica é o **castro, asentamento fortificado** sobre un outeiro, de complicado acceso **DOC.4**.

Esta cultura, que abrangúía a maior parte de Galicia, o norte de Portugal e o confín occidental de Asturias, mantívose en estado puro ata a conquista romana (séculos II-I a.C.), pero tanto a vida nos castros como algúns dos seus elementos culturais continuaron durante todo o Imperio Romano.

No século XIX e na maior parte do XX, os historiadores consideraron que esta cultura chegou a Galicia cos celtas e que celtas eran todos os habitantes dos castros. Os avances da arqueoloxía fixeron que nas últimas décadas esta visión celtista se fose matizando. Hoxe a maioría dos expertos opina que se trataba dunha cultura e dunha poboación resultado da **fusión** dos pobos indíxenas que habitaban Galicia cos pobos centroeuropeos, polo xeral chamados celtas, que se asentaron no noroeste peninsular.

Dentro dos castros erguíanse pequenas construcións circulares ou ovais, ás que por influencia romana se lles sumaron despois outras rectangulares, que podían ser habitadas permanentemente ou só en caso de perigo. O basamento dos muros era de mampostería e as cubertas cónicas facíanse con troncos e materiais vexetais.



DOC.4 O castro de Baroña, na desembocadura da ría de Muros, e reconstrucción dunha cabana castrexa.

O tamaño dos castros variaba dende os moi pequenos (probablemente os máis antigos) ata as grandes *citanias* más abundantes no sur, nas que mesmo podemos distinguir unha certa ordenación urbanística por barrios. Os castros más coñecidos son os de Santa Tegra (Pontevedra), Baroña (A Coruña) e Viladonga (Lugo).

A necesidade xeral de defensa apunta a unha sociedade moi belicosa, na que a guerra era un compoñente normal da vida colectiva. A economía castrexa baseábase na **agricultura** (trigo, millo miúdo, legumes) e na **gandería**, aínda que tamén se seguía practicando a caza, o **marisqueo** e a recolección de froitos silvestres, como as landras coas que se facía un pan que chamou a atención dos autores romanos. Tamén tiña importancia a olería, a **minería** e a metalurxia, que permitían manter intercambios comerciais con outras culturas.

A existencia de valiosas xoias, como os famosos **torques** de ouro, e de estatuas de guerreiros indican unha **xerarquización social** probablemente presidida por unha caste militar **DOC.5**. Pola contra a elite sacerdotal parece que tivo menos importancia, malia a fonda relixiosidade que se manifesta nun gran número de divindades de todo tipo. Pero as fontes non sinalan nada semellante ós *druídas* doutras culturas célticas.

Por outra parte, a sociedade articulábase por criterios de parentesco en familias e quizais en *centurias* e estas asemade agrupábanse nos *populi* (*ártabros*, *albións*, *limicos*, etc). Cada *populus* ocupaba un territorio relativamente ben delimitado.



DOC.5 Torques de Burela, unhas das mellores pezas da cultura castrexa, e estatua castrexa sedente de Xinzo de Limia (Ourense), que probablemente representa a un xefe guerreiro.

1.3. Romanización e cristianización

A conquista romana iniciase o ano 137 a.C. coa incursión que fai Décimo Xuño Bruto desde a Lusitania. Logo de cruzar o río Limia, chegou ata o Miño. Seguiron outras campañas, como as de Craso (96-94 a.C.) e Perpenna (74 a.C.), que culminaron coas dúas decisivas para a incorporación de todo o territorio ao Imperio Romano: a de Xulio César (61-60 a.C.), que chegou por mar a *Brigantium* (A Coruña), no golfo ártabro, seguramente na procura de depósitos de estaño, e a de Agusto (29-19 a.C.), dentro da guerra contra cántabros e ástures. A longa duración deste proceso demostra que os castrexos resistiron con tenacidade á perda da súa independencia, aínda que a xesta lendaria da batalla do Monte Medulio, onde milleiros deles se suicidaron antes de caeren nas mans dos romanos non estea probada **DOC.6**.

Os romanos aplicáronlle decontado ao país conquistado, ao que chamaron *Gallaecia* polo nome dún dos seus *populi* (os *callaeci*), os seus métodos de control, administración e integración. Fundaron tres cidades, cada unha cabeza dun *conventus* ou circunscripción administrativa: *Bracara Augusta* (Braga), *Asturica Augusta* (Astorga) e *Lucus Augusti* (Lugo).

Segundo Plinio, o primeiro tiña 285 000 habitantes repartidos en 24 *populi*, o segundo 240 000 con 22 *populi*, e o

terceiro 166 000 con 15 *populi*. Nun principio, os tres conventos formaron parte da provincia de Lusitania e despois pasaron a integrarse na Hispania Citerior, con capital en Tarragona. Diocleciano, na reorganización do Imperio que fixo en 284-288, creou a provincia de *Gallaecia*, que abrangía dende o Cantábrico ao Douro e dende o Atlántico ao Sistema Ibérico. Ademais, os romanos construíron unha rede de vías das que as principais unían entre si as cidades, estableceron gornicións militares e instauraron as maxistraturas e os cultos imperiais **DOC.7**.

O principal interese dos romanos, ademais de garantir a seguridade dos confíns do seu imperio, era no caso de Galicia a extracción de **minerais valiosos**, sobre todo ouro, prata e estaño. Non obstante, a súa presenza permanente e organizada trouxo consigo tamén un conxunto de cambios importantes na sociedade e na cultura autóctonas. E así, o latín foi desprazando as linguas indíxenas; a **civilización urbana** fixose presente por primeira vez; e o hábitat transformouse, nuns casos por abandono dos castros para formar aldeas nas chairas e vales, noutros pola aparición de castros más grandes e internamente más complexos.

E no campo apareceron, aínda que a pequena escala, as *villae* romanas, se ben non parece que nestas explotacións se empregasen escravos.

DOC.6

No ano 726 da fundación de Roma (...) entendendo [Agusto] César que se fixera pouco en Hispania durante douscentos anos se consentía que os Cántabros e os Ástures, dous poderosos pobos de Hispania, continuasen baixo as súas propias leis, abriu as portas de Xano e puxose en marcha á fronte dun exército cara ás Hispanias. (...) Os Cántabros e os Ástures son parte da provincia de Gallaecia (...).

Os legados Antistio e Firnio someteron as partes máis afastadas de Gallaecia, montes cubertos de bosques que chegan ó Océano. Tamén asediaron o Monte Medulio, á beira do río Minho e cercado por un foxo de quince mil pasos, onde se fixeron fortes moitos homes.


E aquela raza de homes feros e crueis por natureza, cando comprendeu que non podía aturar o asedio nin librar batalla aberta, prefiriou o suicidio á escravidoute. E case todos se deron morte a porfia, valentemente, polo lume, pola espada ou polo veneno.

OROSIO, P.: *Historiarum adversus paganum libri VII*, século IV d.C.
[Traducido do latín]



Campamento romano de *Aquis Querquennis* (Baños de Bande, Ourense).

DOC.7 AS PRINCIPAIS VÍAS ROMANAS DA GALLAECA



GESTO, C.: As vías romanas, 1984.

1. Que funcións cumprían as vías romanas para o mantemento do Imperio?
2. Cara a onde se dirixían as principais vías romanas do territorio galego?
3. Lembra como se construían as calzadas na época romana.

Con todo, esta romanización non foi total. Moitos ritos da cultura castrexa, dende a organización social ás crenzas, sobreviviron, máis ou menos modificados para se adaptaren á nova situación.

Aínda que con atraso, o cristianismo penetrou tamén na Gallaecia. As primeiras comunidades cristiás coñecidas datan de mediados do século III. Na centuria seguinte xurdiron sés episcopais nas cidades. Se ben a penetración da nova relixión foi moito menor nas zonas rurais, o seu progreso en Galicia revélase, ademais de polos restos arqueolóxicos, polo vigor intelectual de figuras como Hidacio ou Orosio. Tamén pola presenza de movementos heterodoxos, sobre todo o de Prisciliano, que chegou a bispo de Ávila e sería condenado e decapitado en Tréveris no ano 385. O priscilianismo tivo unha notable implantación fóra das cidades ata a época sueva **DOC.8**.

1.4. Os xermánicos: suevos e visigodos

No marco da crise final do Imperio Romano, os suevos chegaron a Hispania no ano 406, en compañía dos vándalos e alanos. No ano 411 asinaron un pacto co emperador Honorio polo que se lles entregou o oeste da provincia de Gallaecia. Como eran poucos, arredor duns trinta mil, nun principio concentraron o seu asentamento na rexión bracarense e fixa-

ron a capital do seu reino en Braga. A duración do reino suevo, a ausencia de noticias sobre levantamentos internos e a súa capacidade de expansión militar nas primeiras décadas indican que chegaron a un bo entendemento coa sociedade galaico-romana, moito más numerosa e avanzada.

As fontes fornecen moi pouca información sobre esta época. Así e todo, parece que agora ten lugar o **abandono definitivo dos castros**, e que as formas de propiedade e cultivo da terra non experimentaron grandes cambios, malia que os invasores se adxudicaron territorios para a explotación agrícola. Pola contra, a cristianización da poboación colleu un gran pulo, especialmente a mediados do século VI, por inspiración do monxe Martiño de Dumio, que combateu enerxicamente o paganismo e as herexías.

En todo caso, a existencia do reino suevo dependía das boas ou malas relações que mantivese co dos visigodos. Estes xa cortaran os primeiros intentos expansionistas suevos derrotándoos no 456, saqueando Braga e reducindoos á condición de reino subordinado. No 585, a política independente do rei Teodomiro desembocou en novas guerras e na anexión do reino suevo ao hispano-visigodo por Leovixildo. Esta anexión non cambiou substancialmente a situación interior ata principios do século VIII, cando desapareceu tamén o reino visigodo por mor da invasión musulmá **DOC.9**.

DOC.8

Gallaecia vese axitada por unha forte corrente e canaliza un home de excepción: Prisciliano. A súa doutrina preséntasenos ligada antropoloxicamente ás crenzas anteriores. (...) Hai nel unha nova faceta: a asimilación moi fonda das doutrinas que procedían do mundo latino mediterráneo e o manteamento das actitudes ante a natureza, sobre todo, ante o astral que viñan da remota prehistoria galega. (...) O priscilianismo non se trata dun movemento puramente relixioso: as xentes buscaron en Prisciliano, mago converso, un xefe.


Prisciliano tería nacido contra o ano 345 na Gallaecia romana. Nobre, de familia poderosa, viviu á marxe da relixiosidade cristiá (...) e tivo unha conversión antes do ano 379, cando un grupo de laicos (...) se entregan a unha vida ascética, formando un núcleo unitario (...). A predicación dun laico e a súa presenza, famosa, foron os primeiros signos que desencadearon a excomunión polo bispo Hidacio, mentres outros prelados viñan no seu apoio.

No ano 380 reúñense un Concilio en Zaragoza (...) os priscilianistas non acoden e adóptanse prescripcións ascéticas e morais, pero non se lle condena canonicamente a ningúén. Axiña Prisciliano é elixido bispo de Ávila e acéndese unha polémica sobre a licitude da súa elección. Os bispos hostís acúsano de maxia e de maniqueísmo secreto ante as autoridades civís. (...) En Tréveris, Prisciliano é condenado á morte xunto a outros compañeiros. (...) Os restos dos executados foron trasladados a Hispania, e Prisciliano e os seus compañeiros foron venerados como mártires. Agora é xa un movemento de masas. (...) que removeu fondamente a Galicia do século IV.

Tierras de España-Galicia, Fundación Juan March, 1982.
[Traducido do castelán]

4. Busca máis información sobre Prisciliano e Hidacio.

DOC.9 ASENTAMIENTO E EXPANSIÓN DOS SUEVOS EN GALICIA



TRANOY, A.: *La Galice romaine*, 1981.

5. Por que concentraron inicialmente os suevos os seus asentamentos nunha parte pequena do territorio que controlaban?
6. Que importancia teñen os suevos para a historia de Galicia? Como desapareceu o reino suevo?

2 A IDADE MEDIA

A invasión musulmá tivo moi pouca presenza directa en Galicia, aínda que as súas consecuencias indirectas foron moi importantes. Nos primeiros anos, algunas tropas musulmás fixeron incursións que, por exemplo, chegaron a Lugo en 714. Pero este territorio non debeu interesarles porque se retiraron cedo, deixando libre toda a zona situada ó norte do Miño, que se converteu así na maior base territorial e demográfica do nacente reino cristián de Asturias, máxime se temos en conta a chegada, desde a Lusitania e a Bética, de numerosos nobres godos, que fuxían do novo poder islámico. A mediados do século VIII, durante o reinado de Afonso I, a xurisdición dos monarcas ástures sobre a actual Galicia era plena.

2.1. O nacemento dunha nova sociedade

Nos séculos IX e X alteráronse profundamente as estruturas sociais e políticas. No campo náceron unhas novas relacións sociais e económicas, o **réxime señorial**, que transformaron tamén os modos de ocupación do territorio e os da producción agraria. Xeneralizáronse as **vilas** como tipo básico de asentamento concentrado. A vila, asemade aldea e grande unidade de explotación agraria, era propiedade dun señor que a dirixía directamente ou por medio dun administrador chamado *villicus*. O traballo da terra correspondía a domésticos e servos. Ás veces dependían das vilas núcleos menores, os **vilares** ou **casais**.

A consolidación deste sistema configurou unha estrutura social con dúas clases sociais principais: a **nobreza propietaria**, encabezada polos condes, bispos e abades; e a numerosa **masa de campesiños**. Producíuse ademais unha concentración crecente da propiedade da terra e de toda riqueza nas mans da nobreza por diferentes vías: moitos campesiños libres foron "encomendándose" a un señor ao que lle entregaban as súas terras a cambio de protección; outros perdíanas por non poderen pagar as débedas; e a outros simplemente lles confiscaban os poderosos mediante multas ou coaccións. Bo exemplo desta acumulación de riqueza e de poder era o conde de Présaras, que tiña 133 vilas en toda Galicia.

Por outra parte, os nobres exercían o poder político en nome do rei nunha comarca ou localidade concreta para o que debían prometerlle fidelidade e axuda militar en caso necesario. A sociedade e a política articulábanse, xa que logo, nunha pirámide de relacións de dependencia persoal, baseada na contraprestación de protección ou axuda a cambio de bens. Estaba nacendo en Galicia unha **sociedade feudal**.

Teoricamente, o poder político desta nobreza era só unha delegación do rei que podía retirala en calquera momento. Pero na realidade ese poder era autónomo dабondo. De aquí que os reis ástur-leoneses procurasen manter boas relacións con esta nobreza galega facéndolle agasallos e concesións, ben en forma da atribución do título de **comes** para gobernar un condado, ben autorizando a apropiación

ción de terras e de lugares para repoboalos e poñelos en producción. Desta última política beneficiáronse especialmente os **mosteiros**, dirixidos tamén por abades de condición nobre. Con todo, entre os séculos VIII e XI son moitas as rebelións de señores galegos contra os monarcas, o que para algúns autores é síntoma de certa vontade de formar un reino propio por parte da nobreza galega.

Nesta época tivo lugar tamén un feito de gran transcendencia futura. En 813, atendendo o aviso dun ermitán, o bispo de Iria, Teodomiro, comprobou a existencia, nun punto deshabitado preto da igrexa de San Fiz de Solovio, dun edículo cun sepulcro. O bispo creu confirmada a tradición e decidiu que alí estaban os restos mortais do **Apóstolo Santiago o Maior** **DOC.1**. A nova difundiuse e axiña naceu un dos fenómenos relixioso-culturais más importantes do Medievo europeo: o culto xacobeo e as peregrinacións conseguintes, que fixeron nacer, arredor dos sucesivos santuarios que se foron construíndo encol do edículo orixinario, unha nova cidade á que se trasladou a sé episcopal de Iria.

2.2. O apoxeo medieval: a consolidación da especificidade galega

Do século XI ao XIII Galicia participa plenamente do desenvolvemento que en todos os eidos experimenta a Europa occidental, mais tamén nacen e se consolidan nela os principais carácteres socioeconómicos, lingüísticos e culturais dunha identidade propia, dos que algúns se manterán con moi poucos cambios ata a Idade Contemporánea.

En primeiro lugar, obsérvase un notable **crecimiento demográfico** que obriga a que medren as vellas vilas, a crear outras ou a iniciar os asentamentos dispersos tan típicos até hoxe de Galicia. Este pulo poboacional foi acompañado dun **aumento da producción agraria**, tanto pola cavadura de novas terras como pola mellora das técnicas de producción e a diversificación dos produtos (viño, legumes, froitas e hortalizas). Neste último aspecto desempeñaron un papel primordial os **mosteiros**, beneditinos e cistercienses, que, favorecidos pola protección rexia, aumentaron rapidamente o seu número e a extensión de terras e persoas dependentes de cada un deles **DOC.2**.

Todo isto fixo cambiar tamén as vellas relacións sociais no campo. A partir do século XIII a servidume vaise deixando paso ao **foro**; unha forma de cesión da terra a longo prazo a cambio do cal os grandes propietarios recibían das familias campesiñas renda fixa ou proporcional, que será durante seis séculos o principal elemento articulador da sociedade rural galega **DOC.3**.

Houbo ademais unha **revitalización das cidades** onde medraron os grupos sociais (artesáns agremiados, comerciantes) relacionados coas actividades non agrarias **DOC.4**.

DOC.1

No ano 813, uns persoeiros, varóns de grande autoridade, foron xunto do mentado bispo [Teodomiro, bispo de Iria] e dixéronlle que viran moitas noites fachos ardentes na fraga que durante moitos anos medrara encol da cova do glorioso Santiago, e tamén que un anxo se aparecera alí arreo. Oído isto, foi el mesmo ó lugar onde afirmaban ter visto esas cousas; e viu cos seus propios ollos, sen ningunha dúbida, os fachos encol do lugar dito. Movido logo pola grazia divina adentrouse rápido na fraga e pescudando con gran dilixencia achou entre silvas e ábores unha casiña que tiña no interior unha tumba marmórea. Achada esta, e dando grazas a Deus, foi sen demora ver ó rei Afonso o Casto, que daquela reinaba en Hispania, e relatoulle exactamente o acontecido tal como o escotara e vira cos seus propios ollos.

O rei, gozoso por tan importante nova, veu axiña a estas partes e, restaurando a igrexa en honor de tan grande Apóstolo, mudou a sede do bispo de Iria por esta que se chama Compostela, con autoridade de moitos bispos, servos de Deus e nobres señores e con privilexio real. Aconteceu todo isto en tempos de Carlomagno, segundo lle oímos contalo a moitos.

Historia Compostelana, século XII.
[Traducido do latín]

1. Debate a veracidade da lenda de Santiago en Galicia e a importancia dos mitos na historia.

DOC.3

Os instrumentos e figuras xurídicas que regulaban as relacións sociais no seo do feudalismo galego eran variadas, dende tributos feudais como a *facendeira* (prestacións de traballo) ou o *xantar* (obriga de aloxar os señores), que logo se perderon, ata a *loitosa*, que ainda se percibía nos séculos XVII e XVIII. Pero é, sen dúbida, o *foro* o instrumento principal nesta regulación das relacións entre señores e campesiños.

O foro, que tanta duración ía ter na historia de Galicia, nace a fins do século XII, e ten, desde os seus principios, unhas características ben demarcadas: leva canda si unha longa duración (cando non é perpetuo) e estipula o pago dunha renda (ben fixa, ben proporcional, pero case sempre en especie), amais dunha serie de servizos de tipo vasalático.

O foro configúrase, así, no século XIII, como un contrato agrario que supón certa estabilidade dos patrimonios señorais, unha relativa independencia e fortaleza do campesiñado e, por fin, un medio de manter a dependencia persoal deste diante dos señores a través destas cláusulas vasaláticas.

VILLARES R.: *Galicia. A Historia*, 1984.


3. Debate na clase os factores que propiciaron a aparición do foro.
4. Busca o significado dos termos *loitosa* e *laudemio*.

Gran Enciclopedia Gallega, 1985.

Santiago de Compostela xa acadara a mediados do século XII os carácters urbanos básicos da súa zona histórica.

5. Describe os carácters urbanos básicos da súa zona vella.


DOC.2 OS GRANDES MOSTEROS DA GALICIA MEDIEVAL



PORTELA, E.: *Monjes, caballeros y campesinos*, 1991.

2. Por que tiveron os mosteiros tanta importancia en Galicia no proceso de repoboación e desenvolvemento agrario?

DOC.4 COMPOSTELA A MEDIADOS DO SECULO XII



Factor estimulador deste renacemento en Galicia foron as peregrinacións xacobeas que non só converteron Santiago de Compostela nunha das principais cidades europeas senón que promoveron a construcción de mosteiros, pontes, camiños e hospitais. Tamén crearon un eixe modernizador, o Camiño Francés, que puxo a Galicia en comunicación directa coa Europa máis avanzada do momento, coa entrada de novas ideas, costumes e mercadorías **DOC.5**.

Durante estes séculos despegá a pesca marítima, unha actividade que se viu favorecida pola seguridade da navegación tras a retirada de normandos e musulmáns das costas galegas. Como consecuencia disto, floreceu o comercio marítimo atlántico, o que propiciou o nacemento de numerosas vilas na costa, dende A Guarda a Ribadeo **DOC.6**.

Esta fase expansiva acelérase no primeiro terzo do século XII e nela salienta a figura do bispo Diego Xelmírez, que conseguiu para Santiago o rango de sé arcebispal, promoveu numerosas obras, incluído o remate da gran catedral románica, e foi un dos persoeiros más influíntes da política da época. Pero estes progresos económicos trouxeron tamén a aparición de novos conflitos sociais nos que se enfrentaron os burgueses e os señores eclesiásticos arredor do exercicio do poder local, como a sublevación da burguesía compostelá que lle arrebatou o poder a Xelmírez durante dous anos.

O florecemento artístico e cultural correu paralelo ós progresos económicos. A lingua galega, o romance neolatino occidental, chegou á madureza literaria coa lírica, que acadou o seu apoxeo no século XIII cunha nutrida nómina de poetas de dentro e de fóra de Galicia. Tamén floreceron a arquitectura románica, a escultura, a música, a prosa e a historia. E en moitas sedes capitulares e grandes mosteiros abríronse escolas para a formación de letreados.

No eido político, as tensións entre a nobreza galega e a monarquía, leonesa ou castelán-leonesa, non desapareceron. Unha parte dos señores galegos amosaron unha e outra vez a arela de crearen un reino propio. A percepción de que Galicia era un territorio con entidade de seu ás veces afectaba tamén as decisións dos propios monarcas.

Cando Fernando I de Castela e León decidiu repartir os seus dominios entre os fillos, concedelle Galicia a García en 1066. Pero o irmán deste, Afonso VI de Castela, encargárase *manu militari* de que este reino só durase seis anos (1065-1070). En 1109, a fracción nobiliar encabezada polo conde de Traba proclamou rei de Galicia a Afonso Raimúndez, neto de Afonso VI. Pero o acceso de Raimúndez ao trono de Castela e León como Afonso VII poñéralle fin á última experiencia dun reino de Galicia, e a partir dese momento Galicia pasou a depender definitivamente do goberno e das institucións da Coroa de Castela.

Máis éxito tivo, pola contra, o intento de separación da *Gallaecia sur*, o condado de *Portucale*, no que Afonso Enríquez, curmán do outro Afonso, se proclamaría rei en 1128, fundando así un reino de raíz galaica que chegará como Estado independente ata os nosos días.

2.3. A crise dos séculos XIV e XV

A fase expansiva dos tres séculos centrais da Idade Media foi seguida por case douscentos anos de fondas crises en toda Europa. Tamén en Galicia, e con grande intensidade.

A finais do século XIII detívose o crecemento económico e demográfico. Unha serie de malas colleitas e as consecuentes carestías e fames debilitaron a unha gran parte da poboación que se volveu así moito máis vulnerable ás enfermidades. E por aí chegaron os grandes andazos, como a **Peste Negra de 1348**, con mortandas que fixeron diminuir o número de brazos activos e provocaron o abandono de terras e a contracción da produción agraria. Isto trouxo consigo tamén, amén da miseria campesiña, a baixa das rendas dos señores, que procuraron compensala rifando entre si (especialmente os laicos contra os eclesiásticos) para se apoderaren da riqueza aldea.

As cidades aturaron mellor a crise grazas á expansión do comercio atlántico e da produción artesanal. Pero non por iso os conflitos urbanos minguaron. Sobre todo nas cinco cidades de señorío eclesiástico (Santiago, Lugo, Ourense, Mondoñedo e Tui), os veciños querían acabar co poder dos bispos e poñérense baixo a dependencia directa do rei, como estaban na Coruña e en Betanzos, para xestionaren autonomamente os seus municipios. Con tal fin formaron **irmandas**, asociacións de xente das cidades que defendían os intereses comúns dos ciudadáns fronte á desorde e aseguraban o exercicio da xustiza pero ás veces protagonizaron violentas revoltas nas que mesmo o bispo podía perder a vida. Tal aconteceu en Lugo, onde salientou entre os sublevados a lendaria María Castaña, ou en Ourense en 1419.

A acumulación destas tensións no campo e nas cidades desembocou nas dúas guerras irmandiñas. Na primeira, unha irmandade chamada *fusquenlla*, dirixida polo fidalgo coruñés Roi Xordo, ergueuse en 1431 nas comarcas de Pontedeume e Betanzos contra os malos tratos que soportaban os vasallos de Nuño Freire de Andrade, o Malo. Aínda que chegou a afectar ós bispados de Lugo e Mondoñedo, as tropas dos Andrade, do Rei e do arcebispo de Santiago esmagaron a revolta **DOC.7**.

Máis entidade tivo a segunda guerra irmandiña (1467-1469), que afectou a case toda Galicia e tivo un carácter de guerra civil xa que se viron envoltos a maior parte dos grupos sociais.

Organizados na Santa Irmandade Xeral, que contaba co apoio de varias cidades e vilas, os seus 80 000 combatentes, entre os que había campesiños, burgueses e fidalgos, destruíron máis de cen fortalezas nobiliares, e puxeron en serio perigo todo o sistema establecido **DOC.8**. Os grandes señores tiveron que fuxir de Galicia e endebedarse para reclutar exércitos no exilio cos que combatiron este conato de revolución que finalmente foi neutralizado pola ofensiva do arcebispo de Santiago, o conde de Lemos e o conde de Cambiña, coñecido como Pedro Madruga. Moitos campesiños foron obrigados a reconstruir as fortalezas que destruiran.

DOC.5


Causa ledicia e admiración contemplar os coros de peregrinos ao pé do altar venerable de Santiago en perpetua vixilancia: os teutóns a un lado, os francos a outro, os italianos a outro; están en grupos, teñen cirios acesos nas súas mans; por iso toda a igrexa se ilumina como co sol nun día claro. Cada quen cos seus compatriotas cumple con presteza as gardas. Uns tocan cítaras, outros liras, outros tímpanos, outros frautas, caramelas, trompetas, arpás, violíns, roldas británicas ou galas, outros cantando con cítaras, outros cantando acompañados de diversos instrumentos, pasan a noite en vela; outros choran os seus pecados, outros len salmos, outros danllas esmolas a cegos. Alí poden escoritarse moitas lingus, diversas voces en idiomas bárbaros; conversas e cantinelas en teutón, inglés, grego e nos idiomas doutras tribos e xentes de todos os climas do mundo. Non hai palabras nin linguaxe nos que non resoan as súas voces.

Códice Calixtino.

6. Explica a universalidade do fenómeno xacobeo.

FERREIRA, E.: *Las rutas del comercio medieval*, 1991.

7. Sinala a ruta do comercio do peixe de Galicia.
8. Que factores facilitaron o desenvolvemento económico en Galicia e particularmente o comercio?



DOC.7 Torre da homenaxe do castelo de Andrade en Pontedeume; algúns irmandiños foron presos neste castelo.

9. Explica cales foron as causas das guerras irmandiñas.
10. Explica por que as guerras irmandiñas se consideran revoltas antisénioriais.

DOC.6 CONTACTOS MERCANTÍS DE GALICIA NA ÁREA ATLÁNTICA**DOC.8 CASTELOS DESTRUÍDOS NA SEGUNDA GUERRA IRMANDIÑA**

BARROS, C.: *La revuelta de los irmandiños*, 1991.

11. Identifica as motivacións dos diferentes actores sociais que se enfrentaron nas guerras irmandiñas.

3 GALICIA NA MONARQUÍA HISPÁNICA

A nobreza galega fortaleceuse coa súa vitoria sobre os irmandiños. Pero apenas apagados os lumes da guerra, Galicia viuse envolta, como toda a Coroa de Castela, na loita polo trono entre Isabel, irmá de Henrique IV, e a filla deste, Xoana a Beltranexa. A nobreza galega participou dividida entre os partidarios da primeira, encabezados polo arcebispo Alonso de Fonseca, e os da segunda, capitaneados polo vencedor dos irmandiños, Pedro Madruga.

O triunfo de Isabel e a **unificación política da maior parte da Península** polo seu casamento con Fernando de Aragón foi un decisivo punto de inflexión na situación política, marcada no sucesivo polo afianzamento do poder rexio en detrimento do nobiliar.

En Galicia, a resistencia de parte da nobreza saldouse coa decapitación de Pardo de Cela en 1483 e coa rendición de Pedro Madruga, partidario da unión de Galicia e Portugal, que morreu en 1486 mentres agardaba en Alba de Tormes o perdón real. A **nobreza galega**, que houbo de abandonar os seus castelos e contemplar como a maioría eran inutilizados, agora por mandato real, perdeu en pouco tempo toda capacidade de actuar con autonomía e ficou reducida ó papel de **gran servidora da monarquía**, case sempre lonxe das súas terras. Moitos destes nobres vincularonse á corte e destacaron como vicerreis de Indias, gobernadores, embaixadores, etc.

3.1. Grandes reformas e novas institucións

A primeira acción dos **Reis Católicos** en Galicia foi a pacificación. Con tal fin enviaron en 1480 a Fernando de Acuña como **Xustiza Maior** do reino e a García López de Chinchilla como **Alcalde Maior** [DOC.1](#). Nestes cargos estivo a orixe da creación, por primeira vez, de institucións que afirmasen a presenza permanente da monarquía en Galicia.

A primeira institución foi a **Capitanía Xeral**. O seu titular exercía funcións de gobernador civil e militar do país. A segunda foi a **Real Audiencia do Reino de Galicia**, instituída a principios do século XVI e presidida tamén polo Capitán Xeneral, estaba formada por varios maxistrados e persoal letrado subalterno. Con poucas excepcións, os maxistrados desta Audiencia procederon sempre de fóra de Galicia. Era unha das cautelas que os monarcas usaban para asegurar a fidelidade dos que administraban o poder no seu nome. O poder da Audiencia sumaba competencias **gobernativas** (orde pública, abastecementos, levas e aloxamentos para o exército) e **xudiciais** como o tribunal superior do país.

A terceira institución maior da Galicia moderna foi a **Xunta do Reino de Galicia**, que non compensou a perda da representación directa do país nas Cortes de Castela, confiada teoricamente á cidade de Zamora. A Xunta empezou a funcionar regularmente en 1528 e non sería abolida ata 1834 como consecuencia da revolución liberal.

A Xunta integrábana os procuradores das cidades cabeceira das provincias en que estaba dividido o reino: Santiago, Lugo, Ourense, Mondoñedo e Betanzos. A mediados do século XVI sumáronse A Coruña e Tui, completando así o número que aparece representado polas sete cruces do escudo de Galicia [DOC.2](#) e [DOC.3](#).

A Xunta do Reino, aínda que indicaba certo recoñecemento da personalidade de Galicia por parte da monarquía, non foi un auténtico órgano de autogoberno á maneira das corporacións vascas ou da Generalitat de Cataluña. En realidade, as súas **funcións** limitábanse a elevar informes e peticións ao rei e a colaborar coa monarquía na distribución territorial dos **impostos**. Entre esas peticións salientan as destinadas a recuperar o voto en Cortes, cousa que non se conseguiría ata 1623, a cambio de pagar 100 000 ducados, cando esas Cortes perderan xa toda importancia. A Xunta tamén era de facto un instrumento para a defensa dos intereses da fidalguía, que monopolizaba as procuradorías, ante as instancias superiores da Corte.

A acción reformadora da nova monarquía tamén afectou á **Igrexa** que, como a nobreza laica, perdeu igualmente parte do seu poder autónomo. Ademais da presenza da Inquisición coa súa acción centralizada de control político-relixioso, a interferencia rexia no nomeamento das dignidades eclesiásticas fixo que a gran maioría dos bispos e arcebispos das dioceses galegas procedesen de fóra de Galicia durante toda a Idade Moderna, co que se garantía a súa lealdade á monarquía e a súa desvinculación das elites galegas [DOC.4](#). Algo semellante aconteceu co clero regular. A organización territorial das ordes relixiosas foi modificada para situar as súas direccións en Castela, das que dependían os mosteiros e conventos galegos. Isto tivo importancia no caso dos bieitos, os maiores propietarios de terras de Galicia.

Todas estas medidas, xunto con outras como as novas normas de goberno dos Concellos ou o monopolio militar por parte da Coroa, integraron firmemente a Galicia no Estado español e acabaron coa inestabilidade política que fora característica da Idade Media.

3.2. As peculiaridades sociais e económicas


Como case toda Europa, Galicia continuou a ser basicamente **agraria e rural**. A paz interior e as repercusións iniciais da expansión imperial da monarquía tiveron en Galicia algúns efectos demográficos e económicos beneficiosos. Durante o século XVI a poboación medrou. Segundo o recuento de 1591, habitaban o país 630 000 persoas. E aínda que no período 1580-1630 houbo un retroceso, a introdución de novos cultivos na segunda metade do século XVII e a xeneralización desta e doutras melloras na agricultura durante a primeira do XVIII fixeron que a poboación se duplique entre 1630 e 1750.

DOC.1

Don Fernando e dona Isabel pola grazia de Deus (...) a vós, don Fernando de Acuña, o noso criado e capitán, e do noso Consello, saúde e grazia: Sabede que a nós é feita relación de que no Reino de Galicia hai moitas fortalezas rocheiras e outras casas fortes nas que se fixeron moitos danos, e roubos, e mortes, e asaltos, e outros danos, e que se teme que se farán de aquí en adiante ou están moi aparellados de se facer, e non cumpre para o pacífico estado e ben común do dito Reino, segundo a súa disposición e onde están, por ende mandámosvos que todas as fortalezas e casas fortes que vós entenderades que son danosas para a causa pública do dito Reino, ou onde se fixeron, ou receláredes que se farán as causas susoditas ou ningunha delas, logo sen dilación algunha as tomedes e derrubedes, non embargantes que estean feitas e edificadas coa nosa licenza e dos reis os nosos progenitores, nin outras calesqueras causas que se digan e aleguen para impedir o susodito.

FERNÁNDEZ VEGA, L.:
La Real Audiencia de Galicia, 1982.
 [Traducido do castelán]

1. Que interese tiñan os Reis Católicos en destruir os castelos da nobreza?



Castelo de Pambre, un dos poucos que non foi derrubado nin polos irmánigos nin polos Reis Católicos.


**DOC.3**

A Xunta do Reino de Galicia quizais comezase a funcionar, como reunión de concellos, no ano 1495, pero a súa institución como organismo regulado de carácter deliberante e representativo, "para tratar do ben procomunal e dos puntos sobre os que lle houber que suplicar ao Rei", data do ano 1528, momento no que se reuniron os cinco representantes dos capítulos das provincias, ós que lle habería que engadir despois outras dúas cidades para formar as sete simbolizadas por outras tantas cruces no seu escudo: Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Santiago, Ourense, A Coruña e Tui.

A Xunta reuniese por primeira vez no ano 1533 e por derradeira en 1834 (á parte a xuntanza simbólica que se segue a realizar para a Ofrenda na Infraoitava de Corpus, en Lugo).

Tierras de España-Galicia, Fundación Juan March, 1982. [Traducido do castelán]

► **DOC.2** *O escudo do Reino de Galicia, co Santo Grial e sete cruces polas sete cidades representadas na Xunta do Reino.*



DOC.4 *Casa da Inquisición de Santiago de Compostela, na actual praza de Galicia. Foi derrubada no século pasado.*

Nas cidades, artesáns e comerciantes tamén prosperaron durante o século XVI, en parte debido ás posibilidades de comercio con América que se anulan en 1573 por presións de Sevilla. Tamén tivo moita importancia a produción de madeira para a Armada real e a exportación de viño, sobre todo do Ribeiro, que entra en crise a finais da centuria. No século XVII, a decadencia da monarquía, as graves crises monetarias e a contracción das exportacións provocan a decadencia dos sectores produtivos urbanos **DOC.5**.

Na agricultura obsérvase durante o século XVI un crecemento cuantitativo da produción pero dentro das pautas tradicionais no tipo de cultivos e nas técnicas usadas. Pero os fenómenos más decisivos no mundo rural afectan ós modos de distribución do produto agrario e á conseguinte remodelación social. Dunha banda, o **foro** consolídase como o tipo de contrato principal, o que non impide unha presenza importante dos arrendamentos e aparcerías en algúns zonas.


Aparece asemade un **novo grupo social** entre os grandes dominios eclesiásticos e os campesiños foreiros: a **fidalguía intermediaria**. En efecto, moitos membros da baixa nobreza afóranles ós mosteiros aldeas ou lugares enteiros que logo subaforan por partes a unha ou a varias familias campesiñas. A diferenza entre a renda que obteñen dos campesiños e a que lles pagan ós titulares eclesiásticos do dominio é a base principal da economía destes fidalgos.

A consolidación deste grupo social e a decadencia da alta nobreza galega, en parte afastada da terra para lle servir á monarquía e en parte desaparecida pola súa absorción

matrimonial por outras grandes casas nobres de fóra de Galicia, son as grandes novidades sociais respecto da época medieval. A sociedade galega fica estruturada en tres grupos maiores: clero, fidalguía, campesiñado: e outros menores de carácter urbano: artesáns, comerciantes, profesionais. Desde o punto de vista xurídico esa sociedade dividíase, como en case toda Europa, en estamentos, dos que dous, Igrexa e nobreza, gozaban de numerosos **privilexios**. O resto, privado das vantaxes, constituía o terceiro estamento, que abrangía á meirande parte da poboación, tanto urbana como rural.

O **clero** acaparaba máis da metade da riqueza agraria. Na súa parte regular, os mosteiros obtiñan case todos os seus ingresos a través dos foros que gravaban as súas enormes extensións de terras (mosteiros de Oseira, Samos, San Martiño Pinario...). O clero secular (mitras, cabidos, parroquias), ademais de ter tamén rendas forais, recibían grandes cantidades en concepto de décimos, primicias, votos, misas e diversos oficios relixiosos.

Pola súa parte, a **fidalguía intermediaria** detraía para si un terzo dos ingresos de procedencia agraria. Pero o seu número (máis de 10 000 a mediados do século XVIII) facía que, polo xeral, a fortuna de cada fidalgo non pasase de mediana. Así e todo, a presenza ubicua dos fidalgos en todo o territorio, os seus estreitos vínculos familiares co alto clero, o seu quasi monopolio das elites letradas e o seu control sobre os concellos urbanos e sobre a Xunta do reino de Galicia fixeron deles o **grupo central da sociedade galega**.



DOC.5 Estaleiros do século XVII.



DOC.6 Fachada barroca da catedral de Santiago, 1671.

Os ingresos destes dous grupos de privilexiados non se destinaban á modernización económica da agricultura, do comercio ou da industria. Os eclesiásticos gastábanos no autoconsumo, nas esmolas e obras benéficas e, cando podían, na construcción suntuaria **DOC.6**. Os fidalgos, no propio sostento e en pagar estudos dos fillos. Uns e outros dedicaban unha parte non despreciable do seu peculio ós numerosos e inacabables preitos sobre a titularidade de rendas e terras.

Pola súa parte, o **campesiñado** era o grupo social máis numeroso, aproximadamente un 80% da poboación galega, e deixando á parte unha delgada capa de labregos acomodados, obtiña en anos normais o xusto para sobrevivir e seguir traballando. Cando había malas colleitas chegaban as fames e as débedas. De aquí a súa soterrada resistencia contra rendas e impostos que ás veces estoupaba en motins, como o de 1673 no concello de Refoxos contra o mosteiro de Celanova polo aumento da renda dos foros. En suma, era un sistema orientado ao estancamiento, que bloqueaba as vías do desenvolvemento económico.

3.3. O solpor cultural

A decadencia da lírica galega xa se iniciara no tramo final da Idade Media. A partir do **século XV** comezou ade más un progresivo **desprazamento do galego polo castelán** nos usos cultos e públicos. Este proceso acelerouse polo feito de que o castelán se converteu na lingua oficial do novo Estado e de todo o seu grande imperio, así como por


unha rápida castelanización dos grupos sociais dirixentes en Galicia, que se viu favorecida pola ocupación das dignidades eclesiásticas e das más altas maxistraturas do país por persoas de lingua e cultura castelá. E aínda que o galego resistiu nalgúns redutos culturais, como o proba a súa presenza nas Festas Minervais da Universidade compostelana, polo xeral acabou limitado ás clases sociais inferiores, especialmente ao campesiñado. Isto fixo da lingua galega un marcador social negativo, unha especie de estigma social, de xeito que quen quería ascender socialmente debía castelanizarse, se non o estaba xa.

O automenosprezo dun dos elementos fundamentais de calquera personalidade colectiva manterase case intacto ata ben entrado o século XX e terá consecuencias de relevo para a dinámica política da Galicia contemporánea. En todo caso, o certo é que a achega galega ás letras hispánicas do chamado Século de Ouro será ben cativa, mesmo en castelán.

Non obstante, hai tamén progresos. Un dos principais foi a **fundación da Universidade de Santiago**, a partir do Estudo Vello creado en 1495 polo notario Lope de Marzoa, e impulsada despois polo arcebispo Alonso de Fonseca III **DOC.7**. Tamén floreceron vizosas as artes destinadas a enaltecer ás grandes institucións e ós privilexiados. En particular a arquitectura, que acada na súa expresión barroca cotas moi altas de calidade e orixinalidade, con figuras da talla de Domingo de Andrade, Casas e Novoa ou Simón Rodríguez **DOC.8**.



DOC.7 Claustro plateresco do Colexio de Fonseca, primeira sé da Universidade compostelá, (século XVI).



DOC.8 Fachada do convento de Santa Clara en Santiago, obra de Simón Rodríguez.

MÉTODOS DE TRABALLO HISTÓRICO

1 AS DIFICULTADES DA CRISTIANIZACIÓN NO SÉCULO VI

Ollade pois que clase de pacto fixestes con Deus no bautismo. Prometestes que renunciabades ao demo e ós seus anxos e a todas as súas malas obras e confesastes que creiades no Pai, no Fillo e no Santo Espírito e que agardabades a resurrección da carne e a vida eterna. Velaquí que clase de promesa e de profesión de fe tedes en Deus! E como volven axiña ós cultos do demo algúns de entre vós que renunciaron ao demo, ós seus anxos, ós seus cultos e ás súas malas obras? Pois poñer candeas acesas xunto ás pedras, ás árbores, ás fontes e ás encrucilladas, que outra cousa é senón culto ao demo? Os actos de adiviñación e os agoiros e o celebrar o día dos ídolos, que outra cousa é senón culto ao demo? Festexar as vulcanais e as calendas, adornar as mesas e poñer ramos de loureiro, prestarlle atención ao pé que se usa, verter gran e viño no lume sobre un tronco e poñer pan nas fontes, que outra cousa é senón culto ao demo? Que as mulleres invoquen a Minerva mentres tecen, que elixan o día de Venus para as súas nupcias e que presten atención a que día se poñen en camiño, que outra cousa é senón culto ao demo? Enfeitar herbas para encantamentos e invocar os nomes dos demos ao facelo, que outra cousa é senón culto ao demo? E outras moitas coussas que son longas de contar.

Despois da renuncia ao demo, despois do bautismo, facedes todo isto e, volvendo ao culto ós demos e ás malas obras, deixastes de lado a vosa fe e rachastes o voso pacto con Deus.

MARTÍN DE DUMIO: *De correctione rusticorum*, século VI

- a) Busca o significado de vulcanais e calendas, así como que actividades protexían Minerva e Venus na mitoloxía romana.
- b) Indaga se o culto ós elementos da natureza eran propios da relixión romana ou poden corresponder a cultos prerromanos.
- c) Intenta explicar por que a asunción plena da ortodoxia cristiá atopaba moitas más resistencias no campo que nas cidades.



Minerva (Museo Arqueológico de Nápoles).

2 A COLONIZACIÓN CISTERCIENSE

Saiban todos cantos esta escritura visen que nós, o irmán Heimerico, abade, e o convento de Meira damos a XXVI homes a nosa herdade de Santo Estevo e de Texedo e de Monte Zandiu, canto alí temos ou debemos ter con todas as súas pertenzas (...) para que a teñan e posúan eles e os seus fillos para sempre, deste modo:

Que nos dean anualmente cada un deles IIII soldos pola festa de San Martiño, media taleiga de orxo por oitava e media taleiga por oitava de bo trigo.

As penas de furto, aleivosía, roubo e fractura de camiño que as dividan por medio co mosteiro. A pena por homicidio que a dividan por medio.

Outras voces como fiadoría, couto, enliza e voces de terra que as dividan así: a terceira parte para o mosteiro, outra terza para o concello e outra terza para os alcaldes (...).

E nós debemos poñer un alcalde e elles outro (...).

Os fillos deles que tomaren esposa e as fillas que aceptaren marido, ou quen queira que habite con eles nestas herdades, deben ser sempre fieis vasalos do abade e do convento ao mosteiro de Meira, e deben darlle anualmente ó mosteiro media oitava de cebada e media oitava de trigo e os nosos dereitos como arriba fican escritos (...).

E calquera deles que vivan alí que sexan vasalos fieis e obedientes do mosteiro, e o mosteiro que defende e ame ao concello como mellor poida.

Carta pobra concedida polo mosteiro de Meira en 1238.
PORTELA, E.: *La colonización cisterciense en Galicia*, 1981.

- a) Describe os elementos do sistema feudal que atopas no texto.
- b) Que diferenzas hai entre esta carta e un simple foro?
- c) Explica as causas do pobo colonizador na Galicia dos séculos XII e XIII.

3 A COROACIÓN DE AFONSO RAIMÚNDEZ, REI DE GALICIA, EN 1111

Feitos xa amigos fieis, mediante a paz asinada, o bispo [Diego Xelmírez] cheo de inmensa bondade e todos os demás unanimemente fixaron o día no que habían de facer rei ao infante.

No domingo seguinte, en que se cantaba o introito da misa *Justus est Domine*, levaron a Santiago, con grande e nobre pompa e con ledicia de todos, ao príncipe que axiña ía reinar. Recibírono en gloriosa procesión o bispo vestido de pontifical e os demás cregos decorosamente revestidos cos ornamentos eclesiásticos; e tomándoo o prelado conduciuno con ánimo gozoso ao altar do glorioso Santiago, onde se asegura repousa o seu corpo; e alí, segundo os sacros canons, unxíuno en rei, entregoulle a espada e o cetro, e coroado con diadema de ouro, fixo sentar ao xa constituído rei na cadeira pontifical. Despois, celebrada a misa solemne segundo costume, levou ao novo monarca

ao seu palacio; invitou a todos os próceres de Galicia a un real convite no que foi dapífero rexio o esgrevio conde Pedro; o seu fillo Rodrigo facía de alférez sostendo tras ao rei o escudo e a espada; Muni Peláez presentába lle ao rei os manxares e Bermudo Pérez mandaba servir a todas as mesas viño e sidra dabondo. Deste modo, satisfeitos todos coas diversas e ben adubadas viandas, pasou se aquel día en himnos de xúbilo e cánticos de ledicia.

Historia Compostelana, 1107-1149. [Traducido do latín]

- Enumera os factores sociopolíticos favorables á proclamación deste efémero rei galego.
- Intenta explicar por que na *Gallaecia* norte fracasaron os intentos de constituir un reino independente e, por contra, tiveron éxito na *Gallaecia* sur onde deron lugar a Portugal.

4 A RECUPERACIÓN DE VOTO EN CORTES

En 1599, con motivo do acceso ó trono de Filipe III, a Xunta do Reino de Galicia enviou dous procuradores a Madrid coas seguintes instrucións.

Chegados á Corte visitarán e bicarán as mans, de parte do reino, ás persoas para quen levan cartas para que lles dean favor coa Súa Maxestade e os seus Consellos e lle faga a mercé que se pretende do voto.

Despois comunicarán con letrado de fama o memorial ou memoriais que se han dar á Súa Maxestade para que vaia ben encamiñado o que se lle suplicase, poñéndoo no camiño que parecese más breve para que se faga a mercé do voto por vía de grazia, sen ofrecer diñeiro. (...)

Despois que fixesen todas as dilixencias posibles para conseguir o devandito voto por vía de grazia e mercé, e tivesen resolución deliberada de que por este camiño non poderán redimir o devandito voto e se lle pechase a porta sen ningunha esperanza, en tal caso procederán a ofrecerlle á Súa Maxestade ou a algúna persoa, algúna cantidade de diñeiro, porque lle dean perpetuamente o voto na súa Corte, tendo consideración a prometer o menos que puidesen, pola pobreza do reino (...).

Protestarán contra os procuradores da cidade de Zamora para que non falen nas Cortes que se celebraren en nome deste reino, pois non teñen título nin poder, nin conceda en nome deste reino cousa ningunha, e se a concedese, non estea o reino obrigado a o cumplir (...).

Se non se puidese redimir o voto pola vía de grazia, ou por diñeiros, e a todo se lle pechase a porta, pediráselle licenza á Súa Maxestade para que o reino teña perpetuamente un axente na Corte, procurando o acrecentamento, ben e utilidade de todo o reino (...).

PÉREZ CONSTANTI, P.: *Notas viejas galicianas*. 1925.
[Traducido do castelán]



▼
Conde Pandomar ou de Lemos. (Parador de Baiona, Pontevedra).

- Valora e debate na clase as posibles causas e consecuencias de que Galicia non estivese representada directamente nas Cortes da Coroa de Castela, e da resistencia da monarquía a lle conceder esa representación.
- Compara os procedementos que había que utilizar no Antigo Réxime para obter algo do poder propio ao actual sistema político.